

OUTEIRO DE REI

Anuncio

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 26 de outubro de 2012, acordou aprobar o expediente de modificación de créditos por transferencia de créditos, nº 2.

O expediente de modificación de créditos someteuse ao trámite de información pública trala publicación do anuncio de modificación no B.O.P de Lugo núm. 256. Rematado o prazo de información pública constátase que non se presentou reclamación algúnhha, polo que enténdese definitivamente aprobado ao abeiro do disposto no art. 169 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, en relación co 177 da mesma norma.

En Outeiro de Rei, a 27 de novembro de 2012, O Alcalde, José Pardo Lombao

R. 4941

A PASTORIZA

Anuncio

O Pleno desta Corporación en sesión de data 06 de outubro de 2012 aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de lixo.

Unha vez transcorrido o prazo de exposición ao público, sen que durante o mesmo se presentase reclamación algúnhha, o acordo provisional adquiere carácter definitivo e en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais faise público o seu texto íntegro para a súa entrada en vigor.

"3.- Proposta da alcaldía de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo."

Dáse conta da proposta da alcaldía de data 1 de outubro de 2012, do seguinte contido literal:

"De acordo coa normativa reguladora das facendas locais este Concello no ano 2002 aprobou a imposición e ordenación da taxa polo servizo de recollida de lixo así como a correspondente ordenanza fiscal reguladora da mesma (Boletín Oficial da Provincia núm.147 de 28 de xuño de 2002).

Durante estes dez anos os gastos derivados da prestación do servizo experimentaron un importante ascenso mentres que as tarifas da taxa se mantiveron sen ningún tipo de actualización.

O estudio económico que acompaña esta proposta, que foi redactado polo arquitecto técnico don Antonio Pérez Folgueira, con data 21 de setembro de 2012, pon de manifesto o desequilibrio presupuestario do servizo o cal fai necesario aplicar unha regularización nas tarifas da taxa, e para iso, proponse a actualización das devanditas tarifas de acordo co índice de prezos ao consumo destes anos de vixencia da ordenanza.

Por iso, coa finalidade de equilibrar economicamente a prestación de servizo ou polo menos conseguir o menor déficit posible e sempre coa menor repercusión económica para os abonados, esta Alcaldía, en uso das facultades concedidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, propón ao Pleno á adopción do seguinte acordo:

Primeiro:- Aprobar inicialmente a modificación da cota tributaria da taxa por recollida de lixo polo que o artigo sexto da vixente ordenanza fiscal reguladora da taxa quedará redactado nos seguintes termos:

Artigo sexto. Cota tributaria

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local ou vivenda que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.
2. Para o cálculo da cota aplicaranse as seguintes tarifas trimestrais en todo o municipio:

Epígrafe	Código	Actividade	€/trimestre
Epígrafe 1º	EP1	Vivendas familiares	9,39
Epígrafe 2º	EP2	Hoteis, moteis, fondas, residencias e turismo rural	26,04
Epígrafe 3º	EP3a)	Restauración: Restaurantes e mesóns.	26,04
	EP3b)	Restauración: cafeterías, bares e tabernas.	20,66
Epígrafe 4º	EP4	Locais comerciais e industriais.	20,66
Epígrafe 5º	EP5	Locais sen actividade comercial e industrial.	11,89

3. Se nun mesmo local se exerce máis dunha actividade tributarase pola incluída na tarifa máis alta
4. As tarifas previstas poderán incrementarse anualmente de acordo co índice de prezos ao consumo (IPC) anual con referencia ao 1 de xaneiro de cada ano.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente de modificación polo prazo de trinta días hábiles para que se podan presentar alegacións e suxestións que se estimen oportunas e que serán resoltas pola Corporación.

Terceiro.- De non producirse alegacións no prazo sinalado, de conformidade co disposto no artigo 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, a modificación da ordenanza considerarase definitivamente aprobada e entrará en vigor trala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezando a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2013."

Logo dunha breve deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de seis votos a favor dos concelleiros do PS. de G-PSOE e BNG. e con tres abstencións dos concelleiros asistentes do Partido Popular, acordou aprobar a proposta da alcaldía anteriormente transcrita nos seus propios termos."

Contra o dito acordo e a modificación da ordenanza aprobada poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que contará dende o día seguinte ao da presente publicación.

A Pastoriza, 26 de novembro de 2012.- O Alcalde, Primitivo Iglesias Sierra

R. 4942

Anuncio

O Pleno desta Corporación en sesión de data 06 de outubro de 2012 aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles.

Unha vez transcorrido o prazo de exposición ao público, sen que durante o mesmo se presentase reclamación algúnhia, o acordo provisional adquiere carácter definitivo e en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais faise público o seu texto íntegro para a súa entrada en vigor:

"2.- Proposta da alcaldía de modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmobilios.-

Dáse conta da proposta da alcaldía de data 2 de outubro de 2012, que literalmente transcrita di así:

"O Texto refundido das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, recolle no seu artigo 61.1 como un dos suposto do feito imponible do Imposto sobre Bens Inmobilios (IBI) a titularidade dunha concesión administrativa, dun dereito real de superficie, dun dereito real de usufruto ou do dereito de propiedade sobre os bens inmobles rústicos considerando como tales os así definidos nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario. (artigo 7.3 do Texto refundido da lei do Catastro Inmobiliario aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, de 5 de marzo).

O artigo 72 do referido texto refundido das facendas locais sinala un tipo de gravame máximo para os inmobles rústicos do 0,90 %.

O artigo 6º da vixente Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles aprobada polo pleno en sesión de data 29 de outubro de 2007 (BOP núm. 292 de 21 de decembro de 2007) fixa para os bens inmobles de natureza rústica un tipo de gravame do 0,60%.

Tendo en conta o alto porcentaxe que representan os terreos de natureza rústica sobre a superficie total do termo municipal e co fin de que a recadación por este epígrafe do imposto sexa máis acorde coa importancia que os inmobles rústicos teñen no noso municipio é aconsellable un incremento moderado do tipo de gravame ata o 0,70%.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno corporativo, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 6.b da vixente ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles deste Concello que quedará redactado nos seguintes termos.

" Artigo 6º. -Tipo de gravame e cota.-

O tipo de gravame fixado será:

b.- para os bens inmobles de natureza rústica: 0,70 por 100"